

*Resolución do **XX do XXXX de 2021**, pola que se establecen as bases comúns que rexerán os procesos selectivos para o ingreso nos corpos, escalas, grupos ou categorías da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.*

### **Primeiro. Obxecto.**

O obxecto da presente resolución é o establecemento das bases comúns que rexerán os procesos selectivos para o ingreso como empregado público nos corpos, escalas, grupos e categorías da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo das bases específicas que determine cada convocatoria que, no seu caso, recollerán as peculiaridades respecto a estas bases comúns, así como os anexos específicos necesarios que poidan proceder.

### **Segundo. Réxime xurídico aplicable.**

Será de aplicación as convocatorias dos procesos selectivos o Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en adiante TRLEBEP); a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; a Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do exercicio en curso e demais normativa concordante; así como o disposto nesta convocatoria.

No caso de tratarse de procesos desenvolto ao abeiro dos Acordos de concertación do emprego público de Galicia recollidos na Resolución do 15 de xaneiro de 2018, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia do acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CC.OO., CSIF e UGT para o desenvolvemento dun plan de estabilidade no emprego dos servizos públicos e a Orde do 15 de xaneiro de 2019 pola que se publica o Acordo de concertación do emprego público de Galicia, teranse en conta os criterios e as especialidade contidas neles.

### **Terceiro. Publicidade das convocatorias e comunicacións dos procesos selectivos.**

As convocatorias de procesos selectivos publicaranse, ademais do Diario Oficial de Galicia (DOG), na páxina web da Dirección Xeral da Función Pública, na seguinte ligazón electrónica <https://www.xunta.gal/funcion-publica/procesos-selectivos>.

### **Cuarto. Prazas convocadas.**

O número de prazas convocadas en cada proceso selectivo, a oferta pública á que corresponden e as características destas fixaranse en cada unha das convocatorias específicas.

### **Quinto. Sistema selectivo nos procesos selectivos.**

De conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, poderase utilizar para a selección do seu persoal os sistemas de oposición, concurso-oposición. O sistema de selección será o determinado en cada convocatoria.

Os procesos selectivos relativos a prazas de estabilización afectados polos Acordos de concertación e mellora de emprego público, serán articulados garantizando, en todo caso, o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Estes procesos serán desenvolto a través dos oportunos sistemas de concurso-oposición

### **Sexto. Temario.**

Os temarios ou programas que rexerán as probas selectivas detallaranse en cada convocatoria.

### **Sétimo. Datat para a realización dos exercicios.**

As convocatorias poderán establecer nas súas bases o aviso de que as datas para a realización dun ou máis dos exercicios poden coincidir coas datas para a realización de exercicios noutros procesos selectivos.

Respectarase o mínimo de 4 meses entre a convocatoria e a realización do primeiro exercicio.

### **Oitava. Requisitos das persoas aspirantes pola quenda de acceso libre.**

Para ser admitidas nos procesos selectivos as persoas aspirantes deberán ter no día do remate do prazo de presentación de solicitudes de participación e manter ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira os seguintes requisitos:

1. Idade: ter cumpridos os dezaseis años e non superar a idade máxima para a xubilación forzosa.
2. Nacionalidade:
  - a) Ter a nacionalidade española.
  - b) Ser nacional de algún dos Estados membros da Unión Europea.
  - c) Ser nacional de algún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.
  - d) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes de españois e nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe sempre que no estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
3. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o día da publicación no DOG de cada convocatoria a titulación que se indique nesta.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non se aplicará as persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións do Dereito da Unión Europea.

4. Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

5. Habilitación: no ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo, escala, grupo ou categoría da que a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

6. Será requisito para o acceso as profesións, oficios ou actividades que impliquen contacto habitual con menores e para o exercicio das mesmas, non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe as agresións, o abuso sexual, o acoso sexual, o exhibicionismo e a provocación sexual, a prostitución, a explotación sexual e a corrupción de menores, así como por trata dos seres humanos. para tal efecto, quen pretenda acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a presentación dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

7. As persoas aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacidade, deberán ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación e manter ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira.

8. Non poderán participar no proceso selectivo o persoal funcionario de carreira que xa pertence ao corpo, escala, grupo ou categoría obxecto de cada convocatoria.

9. Non poderán participar no proceso selectivo as persoas que xa pertencen como persoal laboral fixo ao corpo, escala, grupo ou categoría convocada.

## **Noveno. Requisitos das persoas aspirantes pola quenda de promoción interna.**

As convocatorias dos procesos de promoción interna poderán eximir, total ou parcialmente, dalgunha das probas selectivas exixidas ao persoal de novo ingreso e/ou poderán reducir parte do temario. Ademais e poderá gardarse a/as nota/as para o proceso inmediateamente posterior, no caso de que o estableza a seguinte convocatoria.

Para ser admitidas aos procesos selectivos as persoas aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación e manter ata o momento de seu nomeamento e toma de posesión os seguintes requisitos:

1. Idade: ter cumpridos os dezaseis anos e non superar a idade máxima para a xubilación forzosa.

As bases específicas poden requirir a idade mínima de dezoito anos para o acceso os corpos, escalas, grupos ou categorías que impliquen o exercicio da autoridade ou cuxas funcións supoñan un risco para a saúde.

2. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o día da publicación no DOG de cada convocatoria a titulación que se indique nesta.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non se aplicará as persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

3. Pertencer como persoal funcionario de carreira o corpo, grupo, escala ou categoría que indique cada convocatoria

4. Prestar servizos efectivos, durante polo menos dous anos, como empregado público nalgún dos corpos, grupos, escalas ou categorías que indique cada convocatoria.

No se computarán en ningún caso os servizos prestados coa condición de persoal laboral indefinido non fixo.

Para estes efectos, consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de servizos especiais e de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares (artigos 168 e 176 da LEPG). E a excedencia por razón de violencia de xénero de conformidade co disposto no artigo 177 da LEPG.

5. Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

6. Habilitación: no ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades

autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder o corpo, escala, grupo ou categoría da cal a persoa fose separada ou inhabilitada.

7. As persoas aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacidade, terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación e manter ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira.

8. Non poderán participar no proceso selectivo os empregados públicos que xa pertencen ao corpo, escala, grupo ou categoría obxecto de cada convocatoria.

### **Décimo. Participación de persoas con discapacidade.**

1. Se algunha persoa aspirante con discapacidade que se presenta pola cota de reserva de persoas con discapacidade supera os exercicios, pero non obtén praza, e a súa puntuación é superior á obtida por outras persoas aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluída pola súa orde de puntuación neste sistema.

2. De conformidade co disposto no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, durante os procesos selectivos darase un tratamento diferenciado das persoas aspirantes pola cota de discapacidade, no que se refire as relacións de persoas admitidas e excluídas, os chamamentos os exercicios e a relación de persoas aprobadas. Non obstante, ao finalizar proceso elaborárase unha relación única na que se incluírán todas as persoas aspirantes que o superaran, ordenadas pola puntuación total obtida, con independencia do tipo de quenda pola que participan.

3. As persoas que, cumpran os requisitos exixidos por esta resolución para participar nos procesos selectivos e que opten as prazas reservadas para persoas con discapacidade deberán indicalo expresamente na solicitude. De non indicalo entenderase que non optan por esta reserva.

4. De ser o caso, as aclaracións ou as correccións deberán realizarse no prazo de alegacións as listaxes provisionais de persoas admitidas.

5. As persoas aspirantes con discapacidade poderán pedir, no modelo oficial de solicitude, as adaptacións e os axustes razoables do tempo e medios das probas do proceso selectivo, a fin de asegurar a súa participación en condicións de igualdade.

Se a adaptación derivara dunha circunstancia sobrevida, deberán solicitala no prazo dun mes desde que ten lugar o feito causante e en calquera caso nas 48 horas seguintes á publicación da convocatoria para a realización do exercicio no que proceda a súa aplicación.

6. As prazas reservadas para persoas con discapacidade que queden desertas, acumularanse a quenda ordinaria de acceso, salvo que a convocatoria prevea expresamente o contrario.

### **Décimo primeiro. Utilización dos medios electrónicos.**

O portal web corporativo da Dirección Xeral da Función Pública pódese acceder a través das seguintes ligazóns

Para consultar as novidades, resolucións ou acordos de cada proceso selectivo: <https://www.xunta.gal/funcion-publica/procesos-selectivos>

Para a presentación de solicitudes para participar nos procesos selectivos convocados: <https://www.xunta.gal/funcion-publica/procesos-selectivos/xeracion-de-solicitudes>

Para a presentación electrónica doutros escritos: <https://sede.xunta.gal/>

### **Décimo segundo. Exención total ou parcial do pago da taxa.**

De conformidade co disposto no el artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento:

Do importe total da taxa:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.
- Víctima de terrorismo, entendendo como tales, para os efectos regulados neste apartado, as persoas que sufriron danos físicos o psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, e os fillos dos feridos e falecidos.

Do 50% do importe:

- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
- As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores a data da convocatoria das probas selectivas nas que soliciten a súa participación e non estea percibindo prestación ou subsidio por desemprego na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo.

### **Décimo terceiro. Solicitudes de participación nos procesos selectivos.**

As persoas que desexen participar nun proceso selectivo deberán facelo constar no modelo de solicitude que será facilitado no portal web corporativo da Dirección Xeral da Función Pública da Xunta de Galicia e deberán aboar a taxa que estea vixente no momento de presentala que exige a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co procedemento indicado nos seguintes parágrafos.

O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG. A non presentación da solicitude no tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante. As convocatorias poderán fixar outro prazo para presentar as solicitudes.

Dentro do prazo indicado no parágrafo anterior, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude electronicamente dirixida a Dirección Xeral da Función Pública.

No suposto de que o proceso selectivo prevea máis dunha quenda de participación as persoas aspirantes só poden participar nunha delas.

O modelo de solicitude estará a disposición de todas as persoas que desexen participar no proceso selectivo no portal web corporativo, na dirección electrónica <https://www.xunta.gal/funcion-publica/procesos-selectivos/xeracion-de-solicitudes>.

Ou seguindo a ruta «Procesos selectivos»–«Xeración e presentación de solicitudes de procesos selectivos».

O solicitante deberá de dispor dun certificado dixital da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT), DNI electrónico ou Chave 365.

Despois de seleccionar a modalidade de solicitude elixida, as persoas aspirantes deberán consignar todos os datos que aparecen na pantalla e posteriormente validalos e confirmalos.

As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado do "idioma do exame", se o texto do exercicio deberá de entregarse en idioma galego ou en idioma castelán. Unha vez realizada a opción e publicada a listaxe definitiva de persoas admitidas en cada proceso selectivo, as persoas aspirantes no poderán modificar a súa opción.

As persoas aspirantes que sexan membros de familias numerosas deberán indicalo na súa solicitude, no apartado de "Outros datos" – "Familia numerosa".

As persoas aspirantes deberán indicar se figuran como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores a data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non están percibindo prestación o subsidio por desemprego, no apartado de "Outros datos" – "Demandante de emprego".

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, deberán indicalo expresamente na solicitude especificando o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente, no apartado de "Outros datos" – "Discapacidade"- "Porcentaxe".

Poderán solicitarse as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios na que esta adaptación sexa necesaria, no apartado de "Outros datos" – "Tipo de adaptación".

As persoas aspirantes das adaptacións sinaladas poderán indicar no mesmo epígrafe da solicitude a presenza durante a realización do exercicio de atención médica especializada. Neste suposto, deberán presentar antes do fin do prazo fixado para a presentación das solicitudes de participación, o orixinal ou a copia auténtica do informe médico que acredite a necesidade de dita medida.

As persoas aspirantes que sexan vítimas de terrorismo deberán de indicalo na súa solicitude, no apartado de "Outros datos" – "Vítima de terrorismo". As persoas solicitantes que aleguen esta circunstancia en calquera caso deberán de remitir á Dirección Xeral da Función Pública a

acreditación desta mediante o envío electrónico da resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición.

Pago presencial: deberá seleccionar esta opción na pantalla, imprimir o documento de pago (modelo 739) e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante.

Unha vez realizado o pago presencial na entidade financeira, deberase acceder a solicitude pendente a través da pestana "Retomar solicitude". Premerase na opción "Validar/Retomar o pago". Introdúzanse os datos relativos a data de ingreso e o NRC (Número de Rexistro Completo) correspondente.

Unha vez completados os datos validárase o NRC premendo no botón "Validar NRC".

Finalizado correctamente o proceso de pago poderá presentarse a solicitude.

Pago electrónico - Sen certificado dixital: deberá introducir os datos da tarxeta de crédito ou débito na opción de pago electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente. Finalizado correctamente o proceso de pago poderase presentar a solicitude.

Pago electrónico - Con certificado dixital: poderán realizar o pago con cargo a conta da persoa titular co certificado desde a opción de pago electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente. Finalizado correctamente o proceso de pago poderase presentar a solicitude.

Presentación electrónica: Finalizado correctamente o proceso de pago poderase asinar e presentar electronicamente a solicitude.

A falta de envío telemático ou terminación do proceso de solicitude suporá a exclusión do proceso selectivo sen máis trámite.

O abono dos dereitos do exame ou no seu caso, a xustificación da concorrencia de algunha das causas de exención total ou parcial do mesmo, cando se opoña a consulta dos datos incluídos na solicitude, deberá facerse dentro do prazo de presentación de solicitudes. no caso contrario procederase a exclusión da persoa aspirante.

O estado das solicitudes poderá ser consultado en calquera momento seguindo as instrucións iniciais e seleccionando na pantalla a opción de consulta.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, as persoas aspirantes poderán poñerse en contacto telefónico co centro informático no número 981 541 300, das 8.30 a 20.00 horas, de luns a venres e os sábados das 10.00 as 14.00 horas.

#### **Décimo cuarto. Consulta de datos persoais das persoas solicitantes.**

Os datos incluídos nas solicitudes das persoas solicitantes serán consultados pola administración pública.



Só naqueles casos nos que a persoa solicitante se opoña a esta consulta, deberá indicalo no cadro correspondente no apartado de "Autorizacións", e deberá achegar os documentos xustificativos da exención que se indican nos apartados seguintes.

Para a remisión electrónica dos documentos xustificativos, a persoa solicitante empregará o modelo de solicitude xenérica co código PR004A, previsto na Orde do 4 de maio de 2017 pola que se aproba a posta en funcionamento do servizo para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non dispoñan dun sistema electrónico específico, habilitado na sede electrónica da Xunta de Galicia na dirección <https://sede.xunta.gal>. Ou presentará a documentación nas oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia e nos demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co disposto no parágrafo anterior, a persoa solicitante deberá presentar, orixinal ou copia auténtica, dos seguintes documentos xustificativos da exención de pagamento segundo os casos en que se atopen:

- Personar con discapacidade: tarxeta acreditativa do grao de discapacidade ou certificado de discapacidade expedido pola consellería competente na materia ou órgano análogo doutra comunidade autónoma.

- Vítimas do terrorismo: resolución administrativa pola que se recoñece tal condición.

- Familia numerosa xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar no que conste dito carácter.

- Demandantes de emprego:

1º. Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos os seis meses anteriores a data de publicación desta convocatoria no DOG.

2º. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está percibindo a prestación ou subsidio por desemprego.

### **Décimo quinto. Presentación de solicitudes en formato papel.**

Excepcionalmente as convocatorias poderán permitir a presentación das solicitudes de participación nos procesos selectivos ou documentación que se indique, en soporte papel que se efectuarán cubrindo electronicamente a instancia no modelo oficial indicado nos apartados anteriores e a súa posterior presentación no Rexistro da Xunta de Galicia e nos demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En calquera caso, poderá acordarse polo órgano convocante a utilización do modelo de solicitude en papel cando unha incidencia técnica debidamente acreditada imposibilite o funcionamento ordinario dos sistemas.

**Décimo sexto. Devolución de taxas.**

A Administración devolverá o importe aboado en concepto de dereitos de exame a aquelas persoas aspirantes excluídas de maneira definitiva, ou ben que non figuren en ningún das listaxes, que así o soliciten no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte a publicación no DOG das listaxes definitivas de admitidos e excluídos.

Para iso será necesaria a presentación dun escrito solicitando a devolución. Neste escrito deberá constar o número de conta (24 díxitos), a entidade financeira e a súa localidade ou ben presentar, co escrito de devolución, un certificado expedido pola entidade financeira no que figuren eses datos. Esta documentación deberá ser dirixida ao Servizo de Selección da Dirección xeral da Función Pública. A presentación deste escrito sen os datos indicados ou fóra de prazo suporá a perda do dereito a devolución do importe ingresado.

Non procederá a devolución do importe aboado en concepto de dereitos de exame nos supostos de renuncia a participar no proceso das persoas aspirantes admitidas provisional ou definitivamente.

**Décimo sétimo. Admisión das persoas aspirantes.**

1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a persoa titular da Dirección Xeral da Función Pública aprobará as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas a través dunha resolución que será publicada no DOG, con indicación dos seus apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade e das causas das exclusións que procedan.

2. As persoas aspirantes que consten na listaxe de excluídas ou aquelas que non figuren nin como admitidas nin como excluídas, disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte o da dita publicación da resolución no DOG, para poder corrixir, de selo caso, o defecto que motivou a exclusión.

3. As listaxes de persoas aspirantes, admitidas e excluídas, ordenaranse alfabeticamente.

4. A estimación ou desestimación de ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na nova resolución da Dirección Xeral da Función Pública que será publicada no DOG, pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

5. O feito de figurar na relación de persoas admitidas no prexulgará que se lles recoñeza as persoas aspirantes a posesión dos requisitos exixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo despréndase que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación.

**Décimo octavo. Fase de oposición.**

1. O programa que rexerá as probas selectivas é o que figure en cada convocatoria.

2. Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que, con data límite da data de publicación no DOG do nomeamento do tribunal, contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

3. As normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa e que foran derogadas parcial ou totalmente, serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan a súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación no DOG do nomeamento do tribunal.

4. As probas da oposición consistirán na superación dos exercicios que se indiquen en cada convocatoria e que serán todos eles eliminatorios e obrigatorios, agás que a convocatoria dispoña outra cousa.

Os procesos de estabilización de emprego público que se convoquen ao abeiro dos Acordos de concertación e mellora do emprego público de Galicia, serán desenvolto a través dos oportunos sistemas de concurso - oposición. A fase de oposición consistirá, con carácter xeral, en exames tipo test. A puntuación da fase de concurso terá o valor máximo legal permitido segundo a regulación que exista en cada sector.

5. A convocatoria establecerá as características de cada un dos exercicios que se consideren necesarios para superar o proceso selectivo. Así como as súas puntuacións mínimas e máximas, os criterios de valoración, a súa duración e calquera outras características que se consideren convenientes.

As convocatorias dos procesos de promoción interna poderán eximir, total ou parcialmente, dalgunha das probas selectivas exixidas ao persoal de novo ingreso e/ou poderán reducir parte do temario. Ademais e poderá gardarse a/as nota/as para o proceso inmediateamente posterior, no caso de que o estableza a seguinte convocatoria.

### **Décimo noveno. Coñecemento da lingua galega.**

1. En todas as convocatorias dun proceso selectivo incluírase un exame de lingua galega, as bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.

2. Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte o da publicación no DOG da resolución pola que o tribunal faga públicas as cualificacións do primeiro exercicio, que posúan o día da publicación desta convocatoria no DOG, o certificado de lingua galega (Celga) ou o título equivalente debidamente homologado segundo a disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

O nivel de Celga requirido establecerase en cada convocatoria.

3. A Dirección Xeral da Función Pública comunicará ao tribunal encargado de xulgar o proceso selectivo as persoas aspirantes que, por ter acreditado a posesión do Celga requirido, en calquera procedemento cuxa competencia corresponda a esta dirección xeral ou por haber presentado a documentación xustificativa da exención, estarán exentas de realizar este exercicio.

### **Vixésimo. Fase de concurso.**

1. A fase de concurso consistirá na valoración ás persoas aspirantes que superaron a fase de oposición dos méritos indicados a continuación, agás que a convocatoria estableza outros. A esta fase asignaráselle una puntuación que no seu conxunto no poderá superar o corenta (40) por cen da puntuación máxima.

A) Méritos que se poden valorar as persoas aspirantes que se presenta pola **quenda de promoción interna**:

#### 1.1. Antigüidade.

Os servizos serán valorados por meses de 30 días a razón de 0,20 puntos/mes.

Para estes efectos, calcularase o número total de días correspondentes aos períodos computables, dividirase o resultado entre trinta (30) e multiplicarase o cociente, desprezando os decimais por 0,20.

Para estes efectos, computaranse os servizos recoñecidos polo órgano competente de conformidade co establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos previos na Administración Pública.

A puntuación máxima para esta epígrafe será de 30 puntos.

#### 1.2. Formación.

Valoraranse os cursos de formación organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), escolas oficiais de formación do estado, das restantes comunidades autónomas, e os cursos impartidos no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP).

Para cada curso de duración igual o superior a 8 horas lectivas se valorará con 0,01 puntos cada hora de formación, hasta un máximo de 1,5 puntos por curso.

Non se valorará:

- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares.
- As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.
- Os cursos de doutoramento.
- Os módulos ou partes integrante dun curso.
- Os cursos que formen parte dos procesos de selección de funcionarios.

Para os efectos de puntuación deste apartado estimaranse como valorables as probas superadas de avaliación dos programas de autoformación organizadas pola EGAP ao consideralas equivalentes a un aproveitamento polas horas previstas dos correspondentes cursos organizados e impartidos directamente pola EGAP.

A puntuación máxima desta epígrafe é de 6 puntos.

### 1.3. Grao de coñecemento do idioma galego:

Valorarase o nivel de coñecemento do idioma galego superior ao exixido na convocatoria como requisito para participar nela.

- Curso de Celga 3 ou equivalente: 1,50 puntos.

- Curso de Celga 4 ou equivalente: 1,75 puntos.

- Curso de nivel medio de linguaxe administrativo galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativo local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas o Celga 5: 2,25 puntos.

- Curso de nivel superior de linguaxe administrativo galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídico galega: 3 puntos.

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento do idioma galego, só se computará a puntuación correspondente o superior.

### 1.4. Exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores, ata o máximo de 1 punto:

- Permiso por parto, adopción o acollemento (artigos 121 e 122 da LEPG): 0,2 puntos/permiso.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo ou filla (artigo 124 da LEPG): 0,2 puntos/permiso.

- Redución de xornada do artigo 106.2.a) y b) da LEPG: 0,04 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,04 puntos/mes completo.

- Nomeamento como coidador dunha ou máis persoas dependentes: 0,04 puntos/mes completo.

Os meses serán computados por días naturais (de 30 días).

B) Méritos que se poden valorar as persoas aspirantes que se presenta pola **quenda de acceso libre**:

### 2.1. Experiencia profesional.

Experiencia profesional, entendida como os servizos efectivamente prestados en calquera Administración pública, no corpo, grupo, subgrupo, escala ou categoría a que se accede, sempre que se inclúa dentro do mesmo grupo de titulación

Para estes efectos, consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de servizos especiais e de excedencia para o coidado de fillos/las e familiares (artigos 168 e 176 da LEPG). E a excedencia por razón de violencia de xénero de conformidade co establecido no artigo 177 da LEPG.

Computarase a prestación de servizos no réxime de interino (artigo 25.4 da LEPG) e no réxime de persoal laboral temporal (artigo 27.4 da LEPG) e do persoal laboral indefinido non fixo.

Para estes efectos, calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,10 puntos.

Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores a completa valoraranse proporcionalmente.

## 2.2. Experiencia profesional.

**Experiencia profesional, entendida como os servizos efectivamente prestados como empregado público en distinto corpo, grupo, escala ou categoría ao que se accede.**

Non se computarán os mesmos períodos xa valorados nos puntos anteriores.

Para estes efectos, consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de servizos especiais e de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares (artigos 168 e 176 da LEPG). e a excedencia por razón de violencia de xénero de conformidade co establecido no artigo 177 da LEPG.

Computarase a prestación de servizos en réxime de interino (artigo 25.4 da LEPG) e en réxime de persoal laboral temporal (artigo 27.4 da LEPG) e de persoal laboral indefinido non fixo.

Para estes efectos, calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,05 puntos.

Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores a completa valoraranse proporcionalmente.

A puntuación máxima das epígrafes de experiencia profesional, 2.1 e 2.2 é de 35 puntos.

## 2.3. Formación.

Valoraranse os cursos de formación organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), escolas oficiais de formación do estado e das restantes comunidades autónomas, e os cursos impartidos no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP).

Para cada curso de duración igual ou superior a 8 horas lectivas valorarase con 0,01 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 1,5 puntos por curso.

Non se valorará:

- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares.
- As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.
- Os cursos de doutoramento.
- Os módulos ou partes integrantes dun curso.
- Os cursos que formen parte dos procesos de selección de funcionarios.

Para os efectos de puntuación deste apartado estimaranse como valorables as probas superadas de avaliación dos programas de autoformación organizadas pola EGAP ao consideralas equivalentes a un aproveitamento polas horas previstas dos correspondentes cursos organizados e impartidos directamente pola EGAP.

A puntuación máxima deste epígrafe é de 5 puntos.

2. Cando nesta fase se valore a formación e o grao de coñecemento da lingua galega, o seu coñecemento só será valorado neste último epígrafe.

3. Los méritos valorables en la fase de concurso deberán referirse ao día de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación.

4. Os méritos deberán acreditarse de conformidade co procedemento que estableza a Dirección Xeral da Función Pública, que será publicado no DOG.

No caso de persoal funcionario en servizo activo que non requiran a valoración doutros méritos que non sexan os que figuren inscritos no Rexistro de Persoal, a presentación deste certificado poderá ser suplida pola consulta por parte da Administración dos datos obrantes no mesmo, que serán os que se teñan en conta na valoración da fase de concurso.

A documentación acreditativa dos méritos alegados irá dirixida o Servizo de Selección da Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública (Edificio Administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela).

No se terán en conta os méritos que non se presenten conforme ao establecido en dito procedemento.

A non presentación de dita documentación no prazo sinalado suporá a non valoración a persoa aspirante da fase de concurso.

5. O tribunal procederá a baremación da fase de concurso, coa colaboración técnica que precise do persoal da Dirección Xeral da Función Pública, e publicaraa no DOG, con indicación da puntuación obtida por cada persoa aspirante.

Contra a baremación provisional, as persoas aspirantes que o consideren oportuno, poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no DOG da dita baremación.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada persoa aspirante, o tribunal procederá a publicación no DOG da baremación definitiva da fase de concurso.

6. A orde de prelación das persoas aspirantes virá dado pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e na fase de concurso. No poderá superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas.

Non obstante, para asegurar a cobertura das vacantes, se se producisen renuncias das persoas seleccionadas antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir unha relación complementaria das persoas que sigan por puntuación as propostas. Para estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos das persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, excepto os casos de forza maior, non presenten a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos ou do seu exame se deducira que carecen dalgún deles e que, en consecuencia, no poidan ser nomeados empregados públicos.

### **Vixésimo primeiro. Desenvolvemento dos exercicios.**

1. A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabético e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra do resultado do sorteo realizado segundo o disposto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo.

2. As persoas aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que a xuízo do tribunal acredite a súa identidade.

3. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas pola Dirección Xeral da Función Pública como persoal colaborador.

4. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal **ou persoal de apoio** coa finalidade de acreditar a súa identidade.

5. O chamamento para cada exercicio será único, de maneira que as persoas aspirantes que no comparezan serán excluídas.

6. As mulleres embarazadas que prevén a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando a comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data do exame implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas medidas conxuntamente. Contra ese acordo no caberá recurso, sen prexuízo de que as



razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

7. O anuncio de realización dos exercicios publicarase no DOG e no portal web corporativo, con corenta e oito (48) horas, por lo menos, de anticipación a sinalada para o seu inicio.

Cando o exercicio consista en chamamentos sucesivos das persoas aspirantes, a convocatoria do seu inicio e o primeiro chamamento realizarase por acordo do tribunal que se publicará no DOG e no portal web corporativo, con corenta e oito (48) horas, polo menos, de anticipación a sinalada para o seu inicio. Os chamamentos sucesivos das persoas aspirantes publicarase no portal web corporativo, con doce (12) horas, polo menos, de anticipación a sinalada para o seu inicio.

8. Se o tribunal, de oficio, ou con base nas reclamacións que as persoas aspirantes poidan presentar nos tres (3) días hábiles seguintes a realización do exercicio, anulara algunha o algunhas das súas preguntas ou modificara o modelo de corrección de respostas publicarao no DOG.

9. As puntuacións obtidas polas persoas aspirantes publicaranse no portal web corporativo.

Concederase un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación no DOG da resolución do tribunal pola que se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio.

10. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivera coñecemento ou dúbida fundada de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comunicarllo a Dirección Xeral da Función Pública para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, a Dirección Xeral da Función Pública propondrá a súa exclusión do proceso selectivo ao órgano convocante, que publicará a resolución que corresponda.

11. Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade a realización dos exercicios, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria.

No caso de que o tribunal acorde parámetros para a cualificación do exercicio, no desenvolvemento dos criterios de valoración previstos nesta convocatoria, aqueles difundiranse con anterioridade a realización do exercicio.

## **Vixésimo segundo. O tribunal.**

1. O tribunal cualificador do proceso será nomeado por resolución da consellería competente en materia de función pública, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da LEPG, artigo 60 do TRLEBEP e artigo 48 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O tribunal no poderá estar formado maioritariamente por persoal funcionario pertencentes ao mesmo corpo, escala, grupo ou categoría a seleccionar.

Ningún membro dos tribunais poderá ter unha titulación inferior a esixida para ser admitido as probas de cada convocatoria.

Non poderán formar parte dos tribunais o persoal de elección ou designación política, os altos cargos, o persoal funcionario interino, o persoal eventual nin o persoal laboral.

2. As persoas que formen parte do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran nelas circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 59.2 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia; ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas pola Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e no acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010. A concorrencia de calquera de ditas causas deberá ser comunicada á Dirección Xeral da Función Pública.

A presidencia do tribunal deberá solicitar as restantes persoas que formen parte do tribunal e, de ser o caso, ao persoal asesor nomeado e ao persoal auxiliar que presente unha declaración expresa de non encontrarse incursos en ningunha das circunstancias de abstención.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar aos integrantes do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3. A Dirección Xeral da Función Pública publicará no DOG a resolución correspondente pola que se nomean os novos integrantes do tribunal que substituirán aos que perden a súa condición por algunha das causas de abstención ou recusación.

4. A sesión de constitución do tribunal encargado de xulgar cada proceso selectivo, deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación de seu nomeamento no DOG. Nesa sesión o tribunal adoptará todas as decisións que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

5. A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros, coa presenza en todo caso da persoa titular da presidencia e da persoa titular da secretaría, ou de quen os substitúa.

6. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na convocatoria do proceso selectivo, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e ao resto do ordenamento xurídico.

7. Por cada sesión do tribunal levantarase un acta, que, lida ao principio da sesión seguinte e feita, de selo caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura da persoa titular da secretaría e o visto e prace da persoa titular da presidencia, ou de quen os substitúa.

8. A persoa titular da presidencia do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios do proceso selectivo se corrixan sen coñecer a identidade das persoas aspirantes e utilizará para iso os impresos adecuados.

O tribunal excluírá a aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren nomes, trazos, marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As decisións e os acordos que afecten a cualificación e a valoración das probas (determinación do número de preguntas correctas para acadar a puntuación mínima, fixación de criterios de valoración, etc.) deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes as que corresponden os resultados obtidos.

9. O tribunal poderá propoñer a incorporación os traballos de persoal asesor para as valoracións que considere pertinentes, quen deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O seu nomeamento corresponderalle a persoa titular da Dirección Xeral da Función Pública.

10. O tribunal adoptará as medidas necesarias naqueles casos en que sexa necesario para que as persoas aspirantes con discapacidades desfruten de similares condicións para realizar os exercicios que as restantes participantes.

Si durante a realización do proceso selectivo, o tribunal tivera dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou escala a que opta poderá solicitar o ditame do órgano competente.

11. O tribunal terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia. Para os efectos do disposto no dito decreto, entenderase que o nomeamento do tribunal cualificador implicará a autorización da orde do servizo para que os seus membros poidan desprazarse ao lugar acordado para cada unha das sesións convocadas dentro do número máximo autorizado.

A Dirección Xeral da Función Pública determinará o número máximo de sesións que autoriza ao tribunal e poderá ampliálo baseándose nas causas xustificadas.

12. O tribunal non poderá propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito,

13. Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da consellería competente en materia de función pública nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

14. As comunicacións que formulen as persoas aspirantes ao tribunal dirixirán electronicamente a Consellería de Facenda, Dirección Xeral da Función Pública (Edificio Administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela).

### **Vixésimo terceiro. Persoas aprobadas.**

1. A cualificación do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos exercicios da fase de oposición e na fase de concurso.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase pola orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

- Puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición.
- Puntuación outorgada polos méritos alegados na fase de concurso seguindo a orde establecida nos diferentes epígrafes previstos na convocatoria.
- Por orde alfabético que comezará por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra do resultado do sorteo realizado segundo o disposto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo.
- Por último, o empate resolverase por sorteo entre as persoas implicadas.

2. Naqueles casos nos que a convocatoria indique que existe una infrarrepresentación feminina no corpo, escala, grupo ou categoría convocado, o primeiro criterio de desempate, de conformidade co establecido no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, o empate resolverase a favor da muller.

3. Una vez rematado o proceso selectivo, o tribunal publicará o DOG a relación de persoas aspirantes que o superaron por orde de puntuacións conseguidas, coa indicación do seu documento nacional de identidade ou equivalente. Na mesma resolución proporase o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

4. A partir do día seguinte ao da publicación no DOG da relación de persoas aprobadas, estas disporán dun prazo de vinte (20) días hábiles para a presentación dos seguintes documentos:

a) Copia auténtica da titulación requirida na convocatoria ou certificación académica que acredite haber realizado todo os estudos para a súa obtención. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro,

deberá presentar a credencial da súa validación ou homologación ou ben a credencial do recoñecemento da titulación para exercer a profesión.

b) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo do que foi separada/o ou inhabilitada/o, nin pertencer ao mesmo corpo, escala, grupo ou categoría.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non encontrarse inhabilitada/o ou en situación equivalente, nin ter sido sometida/o a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de orixe, o acceso ao emprego público nos mesmos termos.

c) Un certificado ou un informe médico sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. Os certificados ou informes non poderán ter unha data de emisión anterior aos tres (3) meses da súa presentación.

d) As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% que superen o proceso selectivo deberán, ademais, acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Consellería de Política Social e, se é o caso, da Administración correspondente o poderán autorizar a Administración dita consulta mediante solicitude expresa remitida xunto co resto da documentación.

A consellería competente en materia de función pública poderá solicitar ao órgano competente a documentación que acredite que as persoas aspirantes que accedan por esta cota de reserva reúnen os requisitos de compatibilidade co desempeño das correspondentes funcións.

5. As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás casos de forza maior, non presentaran a documentación ou do exame dela deducirse que carecen de algún dos requisitos sinalados na convocatoria non poderán ser nomeados empregados públicos e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade no que incorreron por falsidade na solicitude inicial.

6. Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario de carreira mediante unha resolución da consellería competente en materia de función pública que se publicará no DOG e indicará o destino adxudicado.

7. A adxudicación dos postos entre os aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase segundo a petición de destino de acordo coa puntuación total obtida, agás o disposto no artigo 9 do Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade.

8. Se o proceso selectivo tivese quenda de promoción interna, as persoas aspirantes que accedan por este quenda terán preferencia na elección sobre aquelas que accedan polo quenda de acceso libre.

Ademais terase en conta que se lles adxudicará destino no mesmo posto que estivesen desempeñando con carácter definitivo sempre que figure na relación de postos de traballo aberto ao corpo, escala, grupo ou categoría da Administración xeral a que acceden.

No caso de que non ocupen un posto con carácter definitivo que non estea aberto ao corpo, ofertarase na elección de destino unha vacante que poderá ser de nivel superior ao nivel mínimo do subgrupo, en caso de que no haxa vacantes deste nivel.

9. A toma de posesión das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do seu nomeamento no DOG, de conformidade co artigo 60.e) da LEPG.

10. Se o proceso selectivo inclúe un período de prácticas e/ou un curso selectivo, as persoas aspirantes que acreditan o cumprimento dos requisitos exixidos na convocatoria nomearanse persoal funcionario en prácticas, e as que superen esta fase, persoal funcionario de carreira.

As persoas aspirantes que non superen o período de prácticas perderán todos os dereitos o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

As persoas aspirantes que non superen o curso selectivo poderán incorporarse o inmediatamente posterior, coa puntuación asignada no último dos participantes neste. De non superalo perderán todos os seus dereitos ao nomeamento como persoal funcionario de carreira.

#### **Vixésimo cuarto. Elección de destino.**

1. Unha vez finalizado o proceso selectivo e acreditado o cumprimento dos demais requisitos exixidos, ás persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo adxudicáraselles destino mediante convocatoria publicada no DOG pola consellería competente en materia de función pública, onde se indicará as persoas que poderán participar na elección de destino e os postos ofertados.

A elección será telemática, agás que a convocatoria desta dispoña o contrario.

2. Para o acceso á aplicación informática para a elección de destino, a Dirección Xeral da Función Pública remitirá ás persoas aspirantes un correo electrónico co usuario e a clave de acceso á aplicación de cada un dos procesos selectivos.

3. No prazo máximo de dos (2) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, a persoa aspirante, no suposto de que non recibise correctamente o seu usuario e clave, deberá poñerse en contacto co servizo informático da Dirección Xeral da Función Pública, no teléfono 881 999 883, para que se lle faciliten os datos necesarios.

4. Unha vez transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior, abrirase un prazo de cinco (5) días hábiles, que poderá ser ampliado por igual prazo na resolución que convoque o proceso de elección de destino, para que as persoas aspirantes convocadas seleccionen telematicamente, a través do sistema electrónico, os destinos ofertados por orde de prelación.

A elección de destinos deberá realizarse a través do sistema electrónico a que se poderá acceder a través da páxina web da Dirección Xeral da Función Pública [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal), seguindo a ruta «Función pública»–«Procesos selectivos».

5. Para a selección de destinos, as persoas aspirantes deberán acceder ao sistema electrónico e proceder da seguinte forma:

5.1. Accederá ao seu expediente electrónico.

5.2. A persoa aspirante deberá, en primeiro lugar, elixir entre as opcións «Escoller posto», «Renuncia» ou «Solicitud de excedencia».

5.3. De elixir a opción «Renuncia», deberaa presentar por escrito no rexistro da Xunta de Galicia no mesmo prazo previsto no punto 4. A persoa aspirante que exerza esta opción quedará excluída do proceso e decaerá no seu dereito a ser nomeada persoal funcionario de carreira do grupo a que accede.

5.4. De ter dereito e cumprir cos requisitos previstos no ordenamento xurídico poderá elixir a opción «Solicitud de excedencia». Neste caso, deberaa presentar por escrito no rexistro da Xunta de Galicia un escrito no que solicite a súa declaración de excedencia no mesmo prazo previsto no punto 4. A solicitud de excedencia poderá ser rexeitada polo órgano convocante cando non se cumpran os requisitos legalmente fixados para elo.

5.5. A continuación, no caso de “Escoller posto”, a persoa aspirante seleccionará, por orde de preferencia, os destinos que se ofertan.

6. Ás persoas aspirantes que non presenten a súa solicitud de elección no prazo sinalado, ou seleccionen un número de prazas inferior ao da posición que ocupan no proceso e non se lles adxudique ningún destino ou non presentase a súa solicitud no xeito previsto nesta resolución, seranlle adxudicado o posto que lle corresponda atendendo á orde de publicación destes e ao número obtido no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación dos postos ás aspirantes presentes ou representadas, entre os que quedasen sen adxudicar.

7. As persoas aspirantes poderán solicitar, se cumpren cos requisitos previstos na LEPG, ser declaradas en excedencia, e deberano de manifestar por medios electrónicos e no mesmo prazo previsto no parágrafo cuarto; a esta solicitud deberá achegar, cando proceda, unha copia da última orde de prelación dos postos ofertados e seleccionados debidamente asinada.

8. Finalizado o prazo para a elección de destinos, a aplicación efectuará a adxudicación automática de destinos, en función do grupo, subgrupo, escala ou categoría ao que se accede e orde de prelación acadada por cada persoa aspirante no seu proceso e atendendo á orde de preferencia na selección de destinos efectuada por esta.

A adxudicación de postos resolverase mediante resolución da consellería competente en materia de función pública e publicarase no DOG.

9. Estará á disposición das persoas aspirantes información complementaria para a utilización da aplicación informática e a presentación das solicitudes de elección de destino, na páxina web da Dirección Xeral da Función Pública [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal).

#### **Vixésimo quinto.** Adxudicación de prazas.

1. A adxudicación de destinos haberá de realizarse necesariamente de acordo á orde de puntuación obtido no devandito ámbito.

2. Quen, como consecuencia da súa participación nestes procesos selectivos, accedese á condición de empregado público da Xunta de Galicia en máis dun corpo, grupo, escala ou categoría, unicamente poderá participar na fase de adxudicación de prazas nunha soa, quedando en situación de excedencia voluntaria nas restantes nas que alcanzou a citada condición de empregado público dá Xunta de Galicia.

#### **Vixésimo sexto.** Procedemento de resultados.

Se, como consecuencia da adxudicación establecida na base anterior, aínda existisen prazas vacantes non adxudicadas, a Dirección Xeral da Función Pública poderá solicitar do presidente do tribunal, unha proposta complementaria de aprobados, nos termos e condicións establecidas no artigo 55. da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

#### **Vixésimo sétimo.** Disposición final.

Esta resolución pon fin a vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da consellería competente en materia de función pública no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

O conselleiro de Facenda e Administración Pública  
P.D. (Orde do 8 de xaneiro de 2020; DOG núm. 16, do 24 de xaneiro)  
José María Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública  
(data de sinatura electrónica)

Lenda



ANEXO I  
DECLARACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

(nome e apelidos aspirante) \_\_\_\_\_

NIF/NIE/pasaporte \_\_\_\_\_ con domicilio en \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Declara, aos efectos de ser nomeada/o persoal funcionario de carreira do corpo, escala, grupo ou categorías \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Que non foi despedida/o nin separada/o mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou órgano constitucional ou estatutario das comunidades autónomas, nin se encontra en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso a dito corpo ou escala.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_

Dirección Xeral da Función Pública  
Servizo de Selección  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)

ANEXO II  
DECLARACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES ESTRANXEIRAS

(nome e apelidos aspirante) \_\_\_\_\_

NIF/NIE/pasaporte \_\_\_\_\_ con domicilio en \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Declaro, aos efectos de ser nomeada/o persoal funcionario de carreira do corpo, grupo, escala ou categoría \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Que non se encontra inhabilitada/o ou en situación equivalente, nin foi sometida/o a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado de \_\_\_\_\_, nos mesmos termos, ao acceso ao emprego público.

(país e localidade) \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Dirección Xeral da Función Pública  
Servizo de Selección  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)



**ANEXO IV****MODELO INSTANCIA EMENDA DA SOLICITUDE**

(nome e apelidos aspirante) \_\_\_\_\_

NIF/NIE/pasaporte \_\_\_\_\_ con domicilio en \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

achega, despois de saír excluída/o ou non constar nas listas provisionais de admitidos e excluídos, a información relativa á:

- Titulación universitaria
- Titulación específica prevista na convocatoria
- Familia numerosa
- Persoa solicitante demandante de emprego
- Persoa solicitante con discapacidade
- Xustificante do pago da taxa
- Outros \_\_\_\_\_

circunstancia alegada na instancia presentada, da que achégase copia, para a súa participación no proceso selectivo para o ingreso no corpo, grupo, escala ou categoría \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_

(Sinatura)

Dirección Xeral da Función Pública  
Servizo de Selección  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)